

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES ALFOZ VALADOURO  
CURSO:2021-2022  
MATERIA:2ª Lingua Estranxeira Francés  
DEPARTAMENTO: FRANCÉS  
DATA: 29/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>3º Avaliación</b>	Cálculo da nota da 3º avaliación: Probas globais 70% (expresión escrita, comprensión escritas e orais, gramática e vocabulario) + 20% traballos na casa (exposición expresión oral) + 10% (actividades de aula)
	Procedemento de recuperación da 3º avaliación: ao igual que nas outras avaliacións, o alumnado que non supere a 3ª avaliación terá opción de recuperala a través dunha proba extraordinaria.
<b>Cualificación final</b>	Cálculo para obter a cualificación final de curso: a cualificación final obterase calculando a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando a nota de cada avaliación sexa 5 ou superior.
	<p>No caso de ter suspenso unha avaliación cunha nota de 4, sempre e cando non sexa a 3ª avaliación, considerarase a materia aprobada.</p> <p>No caso de ter suspensas máis dunha avaliación o alumnado terá que facer unha proba global de todo o curso.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: non hai alumnado coa materia pendente.
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)</b>	
<b>Metodoloxía, actividades tipo, materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumnado que aprobou as tres avaliacións realizará actividades de ampliación, que consistirá en actividades relacionadas cos contidos vistos ao longo do curso e que fomenten a autonomía e ampliación da cultura francófona. Algúns exemplos son: documentais, vídeos ou visitas virtuais a diferentes aspectos da historia francófona, monumentos ou expresións idiomáticas das diferentes zonas francófonas; actividades gamificadas como escape rooms, etc.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"><li>- O alumnado que suspendera unha ou varias avaliacións realizará unha serie de actividades acordes ás súas necesidades específicas ("PLAN DE RECUPERACIÓN"), que consiste na realización de actividades de repaso e reforzo sobre os contidos propios do curso. Estas actividades estarán especificadas por avaliación, non entanto, a lingua enténdese como un compendio de destrezas que van aumentando conforme avanza o nivel, polo que nas actividades da 2ª e 3ª avaliación aparecerán contidos das anteriores avaliacións.</li></ul>
--	---